



EXPOSICIÓN FRANCESC BOIX: EL FOTÓGRAFO DE MAUTHAUSEN

Durante todo o mes de xuño o IES RIBADEO DIONISIO GAMALLO abre as súas portas para mostrar a exposición sobre o fotógrafo Francesc Boix e o campo de Mauthausen. A figura de Boix é relevante porque axudou a documentar coas súas fotografías o horror sufrido nos campos nazis e foi testemuña do sucedido no xuízo de Nüremberg.

A exposición trata sobre a traxectoria de Francesc Boix e as fotos realizadas polos SS do campo de concentración nazi de Mauthausen. A súa historia está recollida nun total de 18 carteis expostos á entrada do centro, e dous documentais (o de Llorenç Soler titulado “Boix: un fotógrafo en el infierno”, e o de “Mauthausen, regreso o campo da morte”) que serán proxectados no salón de actos. Esta exposición estará aberta para toda a cidadanía.

Esta actividade forma parte dos contidos que o **proxecto ERASMUS+ KA219 “El valor de la ciudadanía: la educación como fundamento del futuro en Europa”** leva traballando todo o curso co alumnado participante, e supón o fin dunha andaina na que levaron a cabo estudos sobre a orixe da nosa cultura, sobre a orixe da Unión Europea e sobre os valores democráticos; un proxecto que os acercou ao Parlamento de Galicia e ao seu patrimonio material e inmaterial (como os monumentos artísticos e históricos como catedrais, museos, parques temáticos indianos,...); un proxecto que os levou a Stuttgart, Heidelberg, Dachau, Munich,... e que lles permitiu acceder ao Parlamento Europeo de Estrasburgo; un proxecto que os convertiu en anfitrións do alumnado do Karl von Frisch Gymnasium de Dusslingen, co que percorreron parte da historia da nosa comunidade e da nosa vila, e cos que uniron esforzo e xogos culturais nos días que compartiron nun lado e noutro das súas vidas; un proxecto, en definitiva, que os situou no mapa de Europa, cun esforzo complementario as súas clases diarias. Este esforzo é o que os definirá como cidadáns europeos e o que os igualará a milleiros de xoves que, coma eles, teñen a oportunidade de enriquecerse cunha experiencia que transcende as nosas fronteiras físicas e mentais. Esta internacionalización necesaria conleva tamén unha sensibilización con respecto a nosa identidade como individuos e como grupo.

A exposición coa que pechamos o curso quere poñer a vista e as ideas en momentos da historia que é necesario ter presentes para non volver a repetilos. E quere tamén facer un chamamento a todos os colectivos que loitan sen descanso por facer oír e escoitar a voz da memoria que non podemos permitir que se apague. Por iso reivindicamos desde aquí o traballo da *Asociación para la Recuperación de la Memoria Histórica*, a de Deportados de Galicia, e tantas e tantas outras que seguen mantendo a voz forte para que a vida e a morte de todos esas persoas teña o seu lugar na historia e na lembranza.

Tardamos moito en ser conscientes de todo que pasou. O desinterés por aquelas persoas que o réxime non consideraba españois fixo que outra condena caera sobre os deportados: o esquecemento. A supervivencia do franquismo ata finais dos 70 fixo o resto. A literatura e os traballos documentais tardaron en saír á luz. Hoxe temos a obriga moral de lembrar o acontecido e blindar as nosas ideas para evitar que se repitan situacións similares.

Non pode haber dúbidas nin claroscuros; a memoria debe servir para educar na tolerancia pero tamén na rectitude dos principios e dos valores de paz e de democracia. Non pode haber futuro se non somos conscientes do noso pasado, se non temos presente a enorme débeda de vida que temos coa historia e a necesidade de non esquecer a todos aqueles e aquelas que deron as súas vidas por principios que agora temos e debemos conservar. Unha lección que debe ser repasada e recordada continuamente.

Manuel Yáñez Dablanca

Profesor de Filosofía